

VERSOS DO ALÉN MAR

Xosé Lois García, poeta e destacado coñecedor das literaturas de expresión portuguesa, ofrécenos, en Laiovento, unha completa *Antologia da poesia brasileira* con formato bilingüe portugués/castelán. Acompañado dun limiar, moi clarificador á hora de entender o momento poético do Brasil, o volume abrangue unha mostra da obra de corenta e catro autores que van desde Cassiano Nunes, poeta dos anos corenta, ata Carpinejar que representa á liña máis nova e recente de versificadores. E, no entanto, están Lêdo Ivo, Astrid Cabral, Ruy Espinheira Filho, Luciano Maia..., unha mancha de voces para amosar a diversidade da lírica, o xénero que máis vizoso e fértil se manifesta nas terras do alén mar.

Tempos Novos, 59, abril 2002, p. 69